

Resolución do 24 de febreiro de 2026 pola que se fai pública a adxudicación de destinos obxecto do proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado mediante Orde do 24 de outubro de 2025 (DOG Núm. 213, do 4 de novembro).

Con data 4 de novembro de 2025, o Diario Oficial de Galicia fixo pública a Orde do 24 de outubro de 2025 pola que se aproban as bases xerais e se convocou o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial.

O tribunal que avaliou este proceso, nomeado por Resolución do 21 de xaneiro de 2026 (DOG Núm. 19, do 29 de xaneiro de 2026), acordou con data 20 de febreiro de 2026 facer pública a baremación definitiva deste proceso e remitiu na mesma data a este centro directivo a proposta de adxudicación dos postos ofertados nos correspondentes concellos.

De acordo co establecido nas bases reguladoras deste proceso,

RESOLVO:

Primeiro: Publicar a proposta de adxudicación de prazas convocadas no referido proceso de provisión por mobilidade:

DNI cifrado	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	Proposta de praza a adxudicar
***6118**	Domínguez	Fernández	Jaime Alberto	Ferrol

Segundo: Notificar de forma individual a todas as persoas que acadaron posto neste proceso, e ao concello afectado para que eleve a definitiva a proposta de adxudicación de postos.



De conformidade co artigo 43.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, e co artigo 41 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de desenvolvemento da lei anterior, **os destinos adxudicados son irrenunciabiles**, excepto que con anterioridade á finalización do prazo posesorio se obteña outro destino mediante convocatoria pública.

Tal e como establece a base 12.3. da convocatoria, as persoas funcionarias seleccionadas para unha praza no proceso de mobilidade cesarán no prazo dos **cinco días seguintes á publicación da resolución do concurso** e tomarán posesión no prazo dos **dez días seguintes ao cesamento**. O tempo transcorrido entre a data do cesamento e a da toma de posesión computarase como de servizo activo no concello de destino. En todo caso, os prazos para a data do cesamento e da toma de posesión comezarán a contar unha vez que rematen os permisos ou licenzas que teña concedidos a persoa interesada. Nos supostos de incapacidade temporal, o cómputo do prazo para a toma de posesión iniciarase a partir da correspondente alta. Non obstante, no caso de licenzas ou permisos vinculados ao embarazo, parto e posparto, nacemento de fillo, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, as persoas funcionarias poderán cesar no posto que ocupan con carácter definitivo e tomar posesión no posto adxudicado no concurso, e continuarán o desfrute do permiso ata a súa finalización.

Esta resolución, segundo o indicado no artigo 17 da Lei 1/2017, de 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, esgota a vía administrativa e poderá ser obxecto de recurso de reposición ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

A Estrada, na data da sinatura dixital

O director xeral

Santiago Villanueva Álvarez

